

Outro Garañón... na Muralla?



Comparativa entre as edificacións derrubadas e as previstas (Carril das Flores, Ronda da Muralla)



1 Un pouco de historia

- O Carril das Flores na confluencia coa Ronda da Muralla é un lugar de sumo valor histórico e arquitectónico para a cidade, punto de entrada a Lugo do Camiño Primitivo.
- A Porta de San Pedro é unha das antigas portas de orixe romana que comunicaban a cidade co resto do imperio. Desde finais da Idade Media, nesta zona extramuros consolidouse un barrio con actividade comercial e hoste-leira, con mesóns, tabernas e casas de postas.
- As edificacións preexistentes na mazá xunto coas últimas derrubadas, que a propiedade permitiu que se convertesen en ruína coa permisividade de Patrimonio da Xunta e do Concello de Lugo, formaban un conxunto típico das arquitecturas tradicionais dos séculos XVIII e XIX. Eran casas de baixo e dúas ou baixo e tres plantas, que convivían en harmonía coa Muralla e co Camiño Primitivo.



Casas do Carril das Flores demolidas en 2002 (El Progreso)

3 Vía xudicial. Informes desfavorables

Froito da alarma xerada polo planeamento aprobado nesta zona en xaneiro de 2019, o conxunto de máis de vinte asociacións que integran o Foro do Camiño Primitivo dirixiuse a ICOMOS España a finais de 2.019, e esta institución emitiu un informe moi desfavorable en xullo de 2.021.

ADEGA, integrante do Foro do Camiño Primitivo, presentou demanda fronte a dita aprobación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sendo desestimada inicialmente. A sentenza foi recorrida recentemente ante o Tribunal Supremo, por non terse pronunciado o Tribunal galego sobre varios motivos da demanda e ter aplicado algúns criterios interpretativos con insuficiente fundamento legal.

A Real Academia Galega de Belas Artes nun informe recente, pediu á súa vez a anulación deste planeamento, por consideralo contrario á protección do patrimonio afectado.

A Delegación de Lugo do Colexio de Arquitectos de Galicia, que xa en 2014 alegara fronte ao planeamento deseñado para esta zona e que tamén forma parte do Foro do Camiño Primitivo, segue demandando unha solución mais sensíbel e exemplar para solucionar a problemática complexa concorrente neste lugar.



Accede neste código QR aos informes emitidos por ICOMOS España, a Real Academia Galega de Belas Artes e as alegacións do COAG Lugo.

2 Que supón o planeamento urbanístico aprobado polo Concello?

- A ordenación non é nada respectuosa coa Muralla e o Camiño Primitivo, estragándose a esencia deste espazo e o seu valor histórico e cultural, de xeito que o Concello de Lugo e Patrimonio da Xunta non están a protexer os citados bens, ao que están obrigados por lei e por ter sido declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.
- Os edificios previstos superarían notablemente a altura da Muralla, afogándoa e empequeñecéndoa -en detrimento do valor universal excepcional desta-, mingando a súa percepción desde a rúa San Roque e suprimindo a visión de Os Ancares, mencionada na declaración do conxunto histórico de Lugo de 1973.
- Suporía o triunfo do interese privado da promotora (Hipólito S.L.) sobre o interese colectivo da cidadanía de Lugo.
- Alcanzariase unha altura de seis plantas nas frontes á rúa San Roque e ao Camiño Primitivo, maior que a permitida polo PEPRI noutras edificacións que arrodean a Muralla.
- Anteporíase o tráfico rodado no Camiño Primitivo ao respecto e posta en valor do mesmo, converténdoo nun novo carril para o acceso de vehículos aos garaxes dos futuros edificios e ao aparcadoiro do supermercado existente ao seu carón, aumentando a intensidade do tráfico e dificultando o uso peonil tradicional como vía de peregrinación.
- Desvirtuaríase esta vía histórica á súa chegada á Muralla, quedando flanqueada por dous muros e aumentaría a pendente do Carril das Flores ou Camiño Primitivo, dificultando camiñar por el e xerando riscos de accidentes.



Mazá 214. Área que se construírían as novas edificacións



Porta de San Pedro

Comparativa entre as edificacións derrubadas e as previstas (esquina da rúa San Roque co Carril das flores).

4 Que solicitamos?

- A implicación dos grupos políticos municipais (PSOE, BNG, PP e Ciudadanos), para atopar unha solución alternativa á desorbitada edificabilidade aprobada.
- Que o Concello e a Xunta asuman a súa responsabilidade como gardiáns de bens patrimoniais universais.
- Que sendo o patrimonio un recurso importante para Lugo, se entenda que hai que protexelo e transmitilo ás vindeiras xeracións.
- Que se paralicen as obras de urbanización, por consolidar cambios de aliñacións e rasantes no Camiño Primitivo, difíciles de revertir.
- Que se redacte un novo proxecto, desde o interese xeral, que poña en valor a confluencia do Camiño coa Muralla Romana.
- Que se inclúa a substitución da plataforma construída sobre o Camiño Primitivo, por unha alternativa respectuosa co mesmo. A plataforma, pasadizo inmundado e inseguro, priva ademais aos peregrinos da visión da Muralla e xa fora calificada de 'Decisión técnica nefasta', na 'Guía de Estudos da Paisaxe Urbana' da Xunta (páx. 340).
- Que se incorporen no proxecto espazos ou zonas verdes públicas, acordades coa significación deste lugar.



Imaxe que reciben os peregrinos na súa chegada a Lugo, na confluencia do Camiño Primitivo coa Muralla, ambos, bens Patrimonio da Humanidade.



Súmate á nosa campaña, contáctanos e ámate a colaborar, ou síguenos nas redes. Grazas!

• www.bit.ly/outrogaranonnamuralla
• outrogaranonnamuralla@gmail.com
• [f](https://www.facebook.com/outrogaranonnamuralla) [i](https://www.instagram.com/outrogaranonnamuralla) [y](https://www.youtube.com/channel/UC...)
• [#outrogaranonnamuralla](https://www.tiktok.com/@outrogaranonnamuralla)